

FAMILIA


INCLUSIÓN SOCIAL

MAIORES E PERSOAS
CON DEPENDENCIA

XUVENTUDE E
VOLUNTARIADO

ACTUALIDADE

- Editorial
- A Xunta colabora con Cruz Vermella e TeleVés no desenvolvemento de servizos de teleasistencia avanzada na Comunidade
- Feijóo avanza que o reforzo do Servizo de Axuda no Fogar, cun incremento de máis dun millón de horas anuais, permitirá atender a 4.000 novos beneficiarios
- A Xunta colaborará no desenvolvemento do Programa de acompañamento e apoio a persoas sen teito de Cruz Vermella
- A Xunta reúne coa Fegamp e as entidades do terceiro sector na Comisión de Seguimento da Axenda Social de Galicia
- A Xunta apoia a inserción social e laboral de mozos e mozas en risco de exclusión a través do Programa Mentor
- A Xunta amosa o compromiso de Galicia co coidado dos maiores e das persoas con discapacidade cun maior investimento no eido social
- A Xunta de Galicia reforza a atención terapéutica de proximidade ás persoas dependentes afectadas de alzhéimer
- A Xunta de Galicia reitera o seu compromiso coa prevención e a atención ás persoas afectadas da doenza do alzhéimer
- O novo Plan de accesibilidade turística senta as bases para converter Galicia nun referente do turismo inclusivo
- A Xunta fomentará o coñecemento do turismo rural entre a mocidade galega con actividades de educación non formal
- A Xunta informa da apertura do prazo de inscricións ao Xuventude Galicia Net R Encounter
- A Xunta pon en marcha unha nova edición de Galeuropa cunha xuntanza cos mozos e mozas beneficiarios das axudas individuais
- Días internacionais.



NORMATIVA

Normativa DOG


Normativa CCAA

Normativa BOE

Normativa UE

PUBLICACIONES

Catálogo de publicacións na web



ESTADÍSTICAS

- Evolución prazas residenciais para maiores
- Censo de persoas con discapacidade
- Dependencia. Xestión das valoracións das situacións de dependencia.

ALERTAS

- Alertas bibliográficas.
- Institucións
- Redes sociais: blogs.
- Congresos, xornadas e cursos.
- Blog de publicacións.
- Catálogo de publicacións na web.
- Normativa.

Parte da información é tomada do Portal Xunta.gal, susceptible de reutilización.



© Xunta de Galicia. 2017. BdB. Boletín de Bienestar, 2017

Edita:
Consellería de Política Social, Secretaría Xeral Técnica, Subdirección Xeral de Coordinación Administrativa, Sección de Publicacións e Estatísticas

<https://libreria.xunta.gal/gb/bdb-boletin-de-bienestar-boletin-informativo-de-politica-social-no-9-xullo-agosto-2017>

Esta obra distribúese cunha licenza CC-Atribución. Compartirlgual 4.0 España de Creative Commons. Para ver unha copia de licenza, visite: https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/deed.es_ES

Coordinación: Pepa Dabán Royo.
Maquetación: Antonio Lameiro Ces.
ISSN: 2445-1932

Editorial

Queremos facer fincapé, neste novo número do boletín, na prioridade que a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Social, dá ás políticas relacionadas coa Dependencia e a integración social dos máis desfavorecidos.

A loita contra a pobreza, o compromiso, a coordinación e o diálogo civil fixeron posible a posta en marcha da Axenda Social de Galicia asinada en 2016, hai agora un ano, pola Xunta de Galicia, Fegamp e entidades sociais do Terceiro sector encabezadas por EAPN-Galicia. Estes compromisos analizáronse na primeira reunión de avaliación da Comisión de seguimento aos que se incorporan novas liñas de traballo relacionadas co acceso á vivenda, a pobreza enerxética, os Servizos de atención no fogar, o emprego inclusivo e a cooperación entre administración públicas e entidades de iniciativa social que permitan a posta en marcha de Servizos sociais comunitarios de calidade.

A calidade destes servizos concrétese tamén noutro tipo de medidas como o impulso na xestión do Servizo de Axuda no Fogar, no desenvolvemento de servizos de teleasistencia avanzada e de programas de acompañamento e apoio a persoas sen teito, no desenvolvemento de Servizos terapéuticos para persoas dependentes e familias cuidadoras, nos plans de accesibilidade turística que sitúan Galicia como un destino de turismo accesible a escala nacional e internacional, etc.

Esta consellería tampouco esquece as políticas de xuventude con iniciativas dirixidas a apoiar a inserción sociolaboral da nosa mocidade en risco de exclusión (Programa Mentor), o fomento do turismo rural a través da educación non formal ou programas de mobilidade transnacional (Galeuropa).

Eficacia, eficiencia e calidade na prestación destes servizos e programas son os principios reitores que seguen animando a actuación desta consellería.



O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey; a directora da Amtega, Mar Pereira; o director xeral da Corporación Televés, Santiago Rey e a presidenta autonómica de Cruz Roja, María del Carmen Colmeiro, asinaron o convenio de colaboración

A Xunta colabora con Cruz Vermella e Televés no desenvolvemento de servizos de teleasistencia avanzada na Comunidade

- ▶ **A iniciativa enmárcase no proxecto europeo Activage, que se leva a cabo en sete países durante 42 meses, para crear solucións que favorezan a autonomía das persoas maiores**
- ▶ **En Galicia permitirá a pilotaxe de novas prestacións de fogar dixital sociosanitario con 700 usuarios**
- ▶ **A Administración autonómica definirá con ambas entidades o perfil dos usuarios da pilotaxe e as súas necesidades**
- ▶ **A Xunta aposta por un modelo de teleasistencia avanzada que permita prestar tanto servizos asistenciais a pacientes crónicos como a monitoraxe continua de persoas maiores no seu fogar.**

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2017.- A Consellería de Política Social e a Axencia para a Modernización de Galicia (Amtega) colaborarán con Televés e Cruz Vermella na pilotaxe de novas prestacións de fogar

dixital sociosanitario no marco do proxecto europeo Activage, que busca crear solucións tecnolóxicas que favorezan a independencia e autonomía das persoas maiores.

No marco deste proxecto en Galicia desenvolveranse e

probaranse solucións de fogar dixital sociosanitario con 700 usuarios, 100 deles con necesidades puramente clínicas, 450 usuarios de prestacións sociais, e 150 con necesidades sociosanitarias.

A pilotaxe de diferentes solucións en función dos perfís permitirá sentar as bases dunha futura carteira de servizos sociais prestados desde o fogar (coidado integral para os adultos de idade avanzada con enfermidades crónicas, a monitoraxe da actividade diaria, solucións de seguridade e confort en casa, de estimulación cognitiva ou de prevención do illamento social, etc).

A Consellería de Política Social, e Cruz Vermella achegarán á iniciativa o perfil e as necesidades

dos posibles usuarios do ámbito social mentres que Televés proporcionará o desenvolvemento das solucións tecnolóxicas a través de tecnoloxía IoT (internet das cousas).

Así se recolle no convenio de colaboración asinado entre o conselleiro de Política Social, José Manuel Rey; a directora da Amtega, Mar Pereira; o director xeral da Corporación Televés, Santiago Rey e a presidenta autonómica de Cruz Vermella, María del Carmen Colmeiro.

O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, destacou o compromiso da Xunta de Galicia en seguir avanzando nunha rede de servizos sociais que contribúan a mellorar a calidade de vida e o benestar das persoas maiores, motivo polo cal saudou a sinatura deste convenio que permitirá a ampliación de beneficiarios coa posta en marcha da teleasistencia avanzada. Ademais, "esta medida afondará na mellora da colaboración e coordinación entre administracións e empresas en beneficio dos galegos e galegas", declarou o conselleiro.

O titular autonómico lembrou que na actualidade, a Xunta de Galicia oferta a través de Cruz Vermella 5520 dispositivos de

teleasistencia e 240 dispositivos xeolocalizadores. "A tranquilidade do usuario ou da súa familia sabendo que pode ser atendido nunha situación crítica a través dun botón de alarma, é impagable, por iso hoxe aunamos forzas e garantimos a prestación do servizo de teleasistencia", afirmou Rey Varela.

Cómpre destacar que a Consellería de Política Social ofrece un amplo abano de servizos para os maiores que viven sos. Neste sentido, Rey Varela fixo alusión ao programa Acompañó, dirixido a fogares nos que, como estilo de vida libremente elixido, residen persoas de máis de 65 anos de idade e amosen o seu interese en que unha persoa voluntaria poida acompañalas nos seus fogares durante un determinado período de tempo.

Así mesmo, para facilitar a permanencia das persoas maiores con algún tipo de dependencia no seu domicilio, ponse á disposición delas o programa Xantar na casa, un recurso que amplía o servizo de axuda domiciliar e permite garantir un control dietético axeitado adaptado ás necesidades e ao estado nutricional das persoas usuarias.

Por último, Rey Varela lembrou que o ano pasado, a Xunta

de Galicia incrementou nun millón de horas o Servizo de axuda no fogar.

Modelo de teleasistencia avanzada

Coa sinatura deste convenio formalizase a adhesión da área social autonómica ao proxecto europeo Activage, do que xa é partícipe o Sergas, para avanzar en solucións tecnolóxicas que dean resposta ao modelo de teleasistencia avanzada no fogar polo que aposta a Xunta de Galicia.

A Administración autonómica está a traballar nun modelo de teleasistencia avanzada para prestar tanto servizos asistenciais a pacientes crónicos como a monitoraxe continua de persoas maiores no seu fogar para identificar situacións de risco de forma automática e comunicalas telemáticamente aos seus coidadores ou prestadores de servizos.

Este modelo baséase nun único sistema tecnolóxico para os servizos sociais e sanitarios no fogar, sobre o que traballarán diferentes prestadores de servizos en cada un dos ámbitos.

Proxecto europeo

Activage é un proxecto financiado pola Comisión Europea no marco do programa Horizonte

2020, que se levará a cabo en sete países. Cun orzamento de 25,3 millóns de euros e un prazo de execución de 42 meses, o seu obxectivo é facer fronte ao reto que supón o envellecemento da poboación.

En Galicia a iniciativa está liderada por Televés, unha das 50 empresas europeas que participan no proxecto Activage para construír unha plataforma aberta e interoperable baseada na internet das cousas (IoT) para crear solucións que favorezan a autonomía e a calidade de vida das persoas maiores. Na iniciativa colaboran coa compañía como socios do proxecto Cruz Vermella, Fundación Vodafone, Fundación Tecos, Universitat Politècnica de Valencia e o Servizo Galego de Saúde (Sergas).

O piloto, que lidera Televés, servirá para incrementar a interoperabilidade das solucións desenvolvidas coas principais plataformas da internet das Cousas, reforzando aspectos como a seguridade, o intercambio de información entre os fogares das persoas que necesitan coidados e os centros asistenciais, a mellora da facilidade de uso dos dispositivos, ou a integración coas redes de telecomunicación despregadas no fogar.

<http://www.activageproject.eu/>

<http://www.cruzvermella.org/?lang=es>

A Xunta colaborará no desenvolvemento do Programa de acompañamento e apoio a persoas sen teito de Cruz Vermella



O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, e a presidenta de Cruz Roja Española en Galicia, María del Carmen Colmeiro Rojo, asinaron un convenio de colaboración

- ▶ **En virtude deste acordo estableceranse liñas de derivación e integración na sociedade das persoas sen fogar a través do traballo coordinado dos equipos técnicos municipais da Coruña, Lugo, Ourense, Vigo e Santiago de Compostela**
- ▶ **Tamén se efectuarán labores de sensibilización e estudos sobre as persoas sen fogar e unha xornada técnica sobre a situación deste colectivo, entre outras accións**
- ▶ **A Consellería de Política Social inviste 165.000 euros neste programa.**

A Coruña, 4 de xullo de 2017.- O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, e a presidenta de Cruz Vermella Española en Galicia, María del Carmen Colmeiro Rojo, asinaron un convenio de colaboración para o desenvolvemento dun Programa de acompañamento e apoio a persoas sen teito ou en situación de vulnerabilidade extrema co obxectivo de reducir as situacións de exclusión social deste colectivo, a súa integración na sociedade e a procura dun xeito de vida normalizado.

Deste xeito, este convenio senta as bases para o establecemento de liñas de derivación e integración na sociedade das persoas sen fogar a través dun traballo de coordinación levado a cabo polos equipos técnicos municipais da Coruña, Lugo, Ourense, Vigo e Santiago de Compostela. Este cometido realizarase mediante

unha liña de intervención que consistirá no desenvolvemento na rúa, nos albergues, nos centros de Cruz Vermella Española en Galicia e demais servizos de acollida, de accións dirixidas a detectar patoloxías mentais, alcoholismo e outras adicións sufridas polas destinatarias do programa.

No marco do acordo, tamén se efectuarán labores de sensibilización e estudos sobre as persoas sen fogar e unha xornada técnica sobre a situación deste colectivo. Así mesmo, informarase e derivarase aos usuarios cara os servizos pertinentes, proporcionarase asesoramento social e legal e os participantes no programa poderán desenvolver competencias persoais, sociais e laborais que favorezan o proceso de inserción individual.

A Xunta de Galicia destinará 165.000 euros para a realización das actividades recollidas neste

convenio, dos que 112.500 euros irán destinados a gastos de persoal e 52.500 euros cubrirán as subministracións e os gastos das accións previstas.

O conselleiro amosou a súa satisfacción tras a sinatura e lembrou que “as persoas sen fogar constitúen na actualidade unha das realidades máis dramáticas que presenta a exclusión social e con este convenio, podemos dar respostas globais e integradas que responden ás necesidades dos grupos de persoas con maiores desvantaxes sociais, potenciando ademais a máxima coordinación e proximidade territorial posible”. Así mesmo, fixo fincapé na importancia da incorporación social das persoas sen fogar “mediante accións coma estas, que aborden os distintos ámbitos de intervención e que axuden a mellorar a empregabilidade destas persoas”.


Rey Varela rematou agradecendo a Cruz Vermella Española o seu labor dirixido ás persoas maiores, ás persoas inmigrantes, á infancia en dificultade social e a todas aquelas en situación de vulnerabilidade, a través do cal benefician a máis de 165.000 persoas.

Apoyo a Cruz Vermella

A Xunta de Galicia mantén diversos convenios de colaboración con esta entidade, co obxectivo de mellorar a calidade de vida e o benestar daqueles que máis o precisan na nosa comunidade.

Deste xeito, a Consellería de Política Social asinou no pasado ano importantes acordos coa entidade, como o que permite desenvolver un programa pioneiro de soporte psicosocial para persoas maiores que exercen labores parentais con menores de idade a través de escolas de avós e avoas educadores nas sete cidades galegas. Tamén subscribiu un convenio para o programa de acollemento en familia allea de menores en situación de risco ou desamparo e outro a tres bandas co Instituto Galego de Vivenda e Solo, para poñer vivendas á disposición das persoas refuxiadas procedentes de conflitos bélicos do Oriente Medio. Cómpre lembrar que a Xunta desenvolve o servizo de teleasistencia para persoas maiores en colaboración con Cruz Vermella.

<http://www.cruzvermella.org/area/senteito?lang=es>



Feijóo avanza que o reforzo do Servizo de Axuda no Fogar, cun incremento de máis dun millón de horas anuais, permitirá atender a 4.000 novos beneficiarios



O Presidente da Xunta na rolda de prensa do Consello

- ▶ **Subliña que este incremento, que supón unha suba do 21% das horas financiadas de axuda no fogar, permitirá chegar aos 20.700 usuarios, coa creación de 1.000 novos empregos vinculados a esta prestación**
- ▶ **Precisa que este novo aumento nas horas leva aparelhada un incremento do financiamento nun 13,4%: 2,6 millóns máis en 2017 e 8 millóns máis para 2018**
- ▶ **Salienta que, con esta medida, a Xunta responde ás necesidades de novos usuarios de 287 concellos e de 7 mancomunidades ou agrupacións de concellos**
- ▶ **Afirma que con esta iniciativa Galicia se sitúa como a primeira comunidade autónoma neste servizo.**

Santiago de Compostela, 3 de agosto de 2017.-

O Consello da Xunta deu conta dun informe que recolle un novo aumento do Servizo de Axuda no Fogar a persoas que teñen limitada a súa autonomía persoal (SAF Dependencia) que será efectivo a partir do mes de setembro. Así, o Goberno galego levará a cabo un incremento de 1.284.180 horas anuais, que representa unha suba dun 21,09% de horas financiadas aos concellos. Esta medida fará posible sumar 4.026 novos beneficiarios desta prestación para chegar a final de ano aos 20.748 usuarios, e ademais estímase a creación de 1.000 novos empregos vinculados a esta prestación.

Deste xeito, o Executivo autonómico confire un novo impulso ao Sistema para a autonomía e a

atención á dependencia (SAAD) e, en especial, a este servizo, que xa o ano pasado experimentou un incremento de 1.010.724 horas financiadas aos concellos. É dicir, en dous exercicios a Xunta terá reforzado as horas dispoñibles de SAF en máis de dous millóns e aumentado o número de beneficiarios nun 60,84%, pasando das 12.899 persoas usuarias en maio de 2016 ás 20.748 que o serán en decembro de 2017.

Ademais, este novo aumento nas horas de SAF Dependencia á disposición dos concellos leva unido un incremento do financiamento estimado en relación asignadas nun 13,40% (2,6 millóns máis en 2017 e 7,96 millóns máis en 2018). Ao respecto, cómpre indicar que o orzamento inicial para este servizo en 2017 ascende a 59,39 millóns de euros,

un 20 % máis que na anterior anualidade coa finalidade de non soamente consolidar o mantemento da atención actual senón de incrementalala.

Con esta medida, a Xunta responde ás necesidades de novos usuarios de 287 concellos e de 7 mancomunidades ou agrupacións de concellos que están pendentes de atención, habilitando a atención adecuada ás persoas demandantes con base tanto nas súas necesidades actuais como na súa situación económica. Estes novos beneficiarios do SAF sumaranse aos preto de 49.000 persoas que na data actual reciben algunha prestación por parte do sistema de atención á dependencia.

Envellecer e vivir na casa, aínda que se teñan problemas de dependencia, é a fórmula preferida polas persoas maiores, pola poboación en xeral e polos/as cuidadores/as familiares. As recomendacións dos expertos e dos organismos internacionais defenden tamén dar prioridade nos sistemas de atención a aqueles recursos que permiten facer efectiva esta opción. En consonancia co anterior todos os países avanzados que teñen en marcha sistemas de protección da dependencia priman nas súas políticas o desenvolvemento dun conxunto de prestacións e servizos de proximidade, nos que a atención no fogar é o eixo.

O servizo público de axuda no fogar é o recurso máis demandado pola poboación maior que necesita algún tipo de axuda, así como polas súas familias cuidadoras. Nos estudos realizados, o SAF valórase moi positivamente (91,6%) como solución máis adecuada para poder seguir vivindo na súa casa. A Xunta de Galicia, entre as súas políticas sociais de

atención á dependencia, está a facer aposta clara e decidida polos servizos profesionais, tendo en conta que a data 30 de xuño de 2017, o 77,06% do total das prestacións recoñecidas, o son a través dun servizo profesional. Concretamente, o Servizo de Axuda no Fogar representa en Galicia o 30,13% do total das prestacións recoñecidas fronte ao 16% da media nacional, unha porcentaxe que se elevará ata o 37,38% con este novo aumento de 1,2 millóns de horas que se desenvolverá a partir do mes de setembro.

Así mesmo, a Administración autonómica destinou entre o ano 2009 e 2017 un total de 340,65 millóns de euros ao SAF Dependencia. Este montante económico significa que o financiamento deste servizo se multiplicou practicamente por tres nos últimos oito anos, pasando dos 20,4 millóns de euros presupostados en 2009 aos 59,3 consignados para este ano.

O incremento de financiamento e das horas dispoñibles no SAF obedecen ao compromiso do Goberno galego de propiciar a atención adecuada ás persoas solicitantes segundo as súas necesidades actuais e ao desexo de permanencia no seu contorno familiar. Ademais, con esta iniciativa, séguese impulsando a rede de servizos públicos profesionais de atención á dependencia e tamén o financiamento ás entidades locais que son as encargadas da xestión do servizo de axuda no fogar.

Este novo reforzamento do servizo de axuda no fogar converte a Galicia na primeira Comunidade Autónoma en canto á porcentaxe de persoas atendidas a través deste servizo sobre o total das prestacións recoñecidas.

A Xunta apoia a inserción social e laboral de mozos e mozas en risco de exclusión a través do Programa Mentor

- ▶ Esta iniciativa está dirixida a rapaces e rapazas de entre 16 e 25 anos, tutelados, ex-tutelados, en garda, con medidas xudiciais ou usuarios doutros programas da Administración autonómica destinados á protección de persoas menores de idade
- ▶ No 2016 alcanzáronse 227 contratos en vigor, o que supón un incremento do 224% con respecto a 2010.

Pontevedra, 24 de xullo de 2017.- O vicepresidente da Xunta, Alfonso Rueda, e o conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, acompañados da directora xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, Amparo González, e do delegado territorial da Xunta en Pontevedra, José Manuel Cores Tourís, visitaron a vivenda tutelada de Pontevedra para mozos e mozas en risco de exclusión social coa que a Xunta de Galicia colabora a través do Programa Mentor.

Este servizo residencial está dirixido a aqueles rapaces e rapazas de entre 16 e 21 anos, que estean ou estivesen baixo tutela ou garda da Administración pública, suxeitos a medidas xudiciais ou que sexan usuarios doutros programas dependentes de órgano xestor. En determinados casos, coma nos que os usuarios estean a realizar estudos universitarios, poden continuar no programa ata os 25 anos. O obxectivo do programa, que ademais da vivenda tutelada de Pontevedra pon á disposición dos usuarios outras cinco vivendas ademais doutras dúas de transición á vida autónoma para maiores de idade, é preparar os mozos e mozas en risco de exclusión social para a vida independente.

A vivenda tutelada de Pontevedra ofrece un total de oito prazas e conta con 19 dependencias entre as que destacan catro baños, un aseo, unha cociña-comedor, dúas salas de estar, unha sala de estudo e cinco dormitorios para que os

usuarios poidan ter o seu espazo e ao mesmo tempo estancias nas que interactuar co resto de mozos e mozas que habitan a vivenda. "Trátase dun fogar que cobre as necesidades dos mozos e mozas e representa un recurso exemplar no concello de Pontevedra", declarou o conselleiro. Como parte do proceso de adaptación á vida independente, na vivenda tutelada realízase unha intensa intervención educativa, formativa e de desenvolvemento, que dota os usuarios de habilidades persoais e sociais necesarias para lograr a emancipación. Ademais, proporciona aos participantes a capacitación para o acceso aos servizos de colocación, de formación e de busca de emprego.

Na actualidade, están cubertas catro das oito prazas que oferta a vivenda pontevedresa e, durante a visita, o conselleiro escoitou as impresións dos rapaces que xa pernoctan nela. Rey Varela subliñou que "desde a Xunta traballamos por un futuro inclusivo e é importante mimar o último paso, a saída do sistema de protección intentando garantir un non retorno á situación de risco de exclusión social". O Programa Mentor amosa o compromiso de Galicia coas persoas novas que están en procesos de tutela e precisan unha especial atención e sempre apoiaremos a realización deste tipo de programas", engadiu o conselleiro.

As necesidades que se procuran satisfacer a través do Mentor son promover a integración social e laboral dos participantes, crear as estruturas axeitadas



O vicepresidente da Xunta, Alfonso Rueda, e o conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, visitaron a vivenda tutelada de Pontevedra para mozos e mozas en risco de exclusión social

Programa Mentor

para o acompañamento, formación, emprego e seguimento dos mozos e mozas, preparamos para a vida independente e establecer redes de apoio á inserción por medio da colaboración con entidades públicas ou privadas que desenvolvan accións no marco laboral, formativo ou de atención. Asemade, para lograr os seus obxectivos dende o programa trabállase en catro liñas: formación, inclusión social, educación e desenvolvemento persoal.

O Programa Mentor, considerado boa práctica a nivel europeo, naceu na Comunidade Autónoma galega no ano 1998 como un programa unicamente de inserción laboral para menores tutelados. Progresivamente foron incrementándose os beneficiarios e obxectivos, sendo agora unha actuación máis integral na que se traballa a capacitación para a vida independente do menor, tanto laboral, como social. Esta iniciativa obtivo o ano

<http://www.programamentor.org/>

A Xunta amosa o compromiso de Galicia co coidado dos maiores e das persoas con discapacidade cun maior investimento no eido social

- ▶ José Manuel Rey Varela destacou que o Goberno galego aumentou en 22 millóns a inversión dirixida ao coidado de maiores e persoas con discapacidade con respecto ao ano pasado.

A Peroxa (Ourense), 25 de agosto de 2017.- O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, desprazouse ata a Residencia de Maiores Nuestra Señora de la Salud, emprazada na localidade ourensá da Peroxa, para coñecer de primeira man as súas instalacións e saudar ás 53 persoas que alí residen. O titular das políticas sociais da Xunta de Galicia tamén aproveitou a súa estada nesa localidade para visitar a Residencia de discapacitados gravemente afectados Amencer A Peroxa.

Así as cousas, Rey Varela asegurou no transcurso do seu percorrido polas instalacións do centro Nuestra Señora de la Salud, xestionado pola Fundación San Rosendo, que "o labor que se leva a cabo nesta residencia é encomiable e supón un impulso aos servizos de atención social na Peroxa". Así mesmo, felicitaba á Fundación polo seu aniversario e lembraba que ambas institucións veñen mantendo dende hai anos unha estreita colaboración tanto na área de maiores, como na área de persoas con discapacidade e na de adicións, con diferentes

prazas concertadas nos centros que forman parte da entidade.

A Fundación San Rosendo leva traballando en Galicia dende hai 25 anos e, actualmente, ten un total de 70 centros repartidos entre a atención a maiores, persoas con discapacidade e adicións. A Xunta de Galicia subscribe dende hai anos un convenio de colaboración para o concerto de prazas ao que destina máis de 10 millóns de euros, o que permite o sostemento de 842 prazas repartidas nos diferentes recursos que ten a institución por toda a xeografía galega.

Rey Varela tamén indicou que a atención aos maiores é moi importante para o Goberno galego e sinalou que "o verdadeiramente importante é prestar o mellor servizo ás persoas que máis o precisan". Por iso, a Xunta de Galicia aumentou a partida destinada ao coidado de maiores e persoas con discapacidade en 22 millóns, ata alcanzar os 385 millóns de euros de orzamento en 2017.

Centro Aspanas

O responsable da área social do Goberno galego visitou previamente o centro residencial



José Manuel Rey Varela destacou que o Goberno galego aumentou en 22 millóns a inversión dirixida ao coidado de maiores e persoas con discapacidade con respecto ao ano pasado

que a Asociación de Pais e Nais a favor das Persoas con Discapacidade Intelectual (Aspanas) ten na Peroxa. O conselleiro salientou a colaboración que a Xunta de Galicia mantén con Aspanas, a través do concerto de prazas tanto nesta residencia como nos centros de día e ocupacional que este entidade ten en funcionamento na parroquia ourensá de Velle.

Así, a Consellería de Política Social destina este ano máis de 2 millóns de euros que permiten ofertar 179 prazas para persoas dependentes nos diferentes servizos que ten Aspanas na provincia de Ourense. En concreto, o centro da Peroxa para persoas con discapacidade intelectual gravemente afectadas dispón de 30 prazas,

todas elas concertadas. Así mesmo, hai unha unidade de adultos con autonomía de 24 prazas, a metade das cales tamén forman parte da rede pública.

Rey Varela destacou o traballo que está a realizar Aspanas, "entidade coa que compartimos o obxectivo de mellorar a calidade de vida das persoas con discapacidade intelectual, así como a súa integración individual e apoiar ás familias". Neste sentido, defendeu a necesidade de "abordar a discapacidade desde a perspectiva da igualdade, a non discriminación, a accesibilidade universal e a acción positiva", tal e como se recolle na estratexia galega sobre a materia que a Xunta está a desenvolver conxuntamente coas entidades.

<http://www.fundacionsanrosendo.es/>

25 ANOS PRESTANDO ASISTENCIA A MAIORES Y PERSONAS CON DISCAPACIDAD

Siempre con el objetivo de la integración y participación activa en la sociedad.

CONOCER MÁS

ACTIVIDADES NUESTROS CENTROS LIBRO 25 ANIVERSARIO

<http://aspanas.es/index.php>

ASAPANAS

Mejorando la calidad de vida

ASAPANAS somos una asociación de padres y madres a favor de las personas con discapacidad intelectual de Ourense. Nuestro objetivo es mejorar la calidad de vida de las personas con discapacidad intelectual y de sus familias así como la integración individual y la normalización de su propio entorno.

Somos una entidad sin ánimo de lucro creada en 1986 y declarada de interés público en 1970.

QUÉ HACEMOS

CENTRO OCUPACIONAL - VELLE

CENTRO DE DÍA - VELLE

NUESTRAS pequeñas grandes COSAS

destacados

* PRESUPUESTOS 2017
26/06/2017 | PDF | 315 KB

A Xunta de Galicia reforza a atención terapéutica de proximidade ás persoas dependentes afectadas de alzhéimer

Pontevedra, 11 de agosto de 2017.- A directora xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, Fabiola García Martínez, visitou o centro de atención diúrna de Alzhéimer de Pontevedra, que forma parte da rede de centros públicos da Xunta de Galicia e que está xestionado pola Asociación Familiares de Alzhéimer de Pontevedra (Afapo). A responsable do departamento de Maiores coñeceu de primeira man estas instalacións que oferta un total de 35 prazas, as cales están ocupadas na súa totalidade con regularidade, e a cuxo funcionamento a Administración autonómica destina este ano un total de 250.637,10 euros.

Fabiola García puxo de manifesto o compromiso do Goberno galego co desenvolvemento

da atención á dependencia mediante a consolidación dunha rede de prestacións profesionais e de proximidade. Neste obxectivo enmárcase a posta en marcha este mesmo ano de novas unidades de estimulación terapéutica dirixidas a persoas afectadas de alzhéimer e outras demencias neurodexenerativas en diferentes concellos de Galicia. En concreto, a Consellería de Política Social impulsou a entrada en funcionamento de 60 novas prazas para este colectivo en colaboración con entidades sociais, entre outras, Afapo que resultou adjudicataria de 10 destas prazas no municipio de Marín.

Ao respecto destes novos servizos, a directora xeral subliñou a importancia de

- ▶ **A responsable do departamento autonómico de Maiores destacou que o Goberno galego vén de poñer en marcha este mesmo ano novos servizos asistenciais de estimulación terapéutica para**

“seguir consolidando unha rede de cobertura canto máis ampla mellor, facendo especial fincapé na atención cando as persoas presentan os primeiros síntomas de alzhéimer e así poder actuar canto antes e, na medida do posible, previr e retrasar o avance da enfermidade”.

Ademais, e tamén no ámbito da atención a persoas dependentes, Fabiola García, avanzou que o Executivo galego volverá incrementar as horas dispoñibles no Servizo de Axuda no Fogar (SAF) no Concello de Pontevedra. Así, este municipio terá a súa disposición a partir de setembro

8064 horas máis ao ano nesta prestación, chegando a un total de 79.464 horas. Este aumento responde ao reforzamento do SAF que está a impulsar a Consellería de Política Social, cun novo incremento de 1,2 millóns de horas dispoñibles para os concellos.

Deste xeito, en dous exercicios (2016 e 2017) a Xunta ten reforzado as horas dispoñibles en máis de dous millóns de horas e aumentado o número de beneficiarios en toda Galicia por riba do 60%, pasando dos 12.899 persoas usuarias en maio de 2016 ás 20.748 que se poderán acadar con este novo incremento.

A Xunta de Galicia reitera o seu compromiso coa prevención e a atención ás persoas afectadas da doenza do alzhéimer

Vigo, 2 de agosto de 2017.- O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, visitou o centro de día especializado en alzhéimer Vigo-Beiramar, que xestiona a Asociación de Familiares de Enfermos de Alzhéimer e outras demencias de Galicia (Afaga). Tras o percorrido polas instalacións, o conselleiro reiterou o compromiso coa atención a un colectivo que é prioritario para o Goberno galego.

Neste sentido, o responsable da área social do Goberno galego destacou o traballo diario que neste campo leva a cabo Afaga ao prestar un apoio fundamental tanto ás persoas que padecen esta doenza como aos seus familiares. “Compartimos o obxectivo de mellorar a atención aos enfermos e a situación das familias”, indicou.

De feito, a Administración autonómica destina este ano máis de

323.000 euros ao mantemento de 40 prazas no centro de día desta entidade, no que, ademais dos servizos básicos, se desenvolven servizos terapéuticos dirixidos tanto aos usuarios como á familia cuidadora. Así mesmo, neste centro se levan a cabo programas de estimulación cognitiva e motriz, de terapia asistida con cans, de estimulación con ferramentas baseadas nas novas tecnoloxías, de fisioterapia e terapia ocupacional, así como de laborterapia e musicoterapia.

O titular de Política Social fixo fincapé na importancia da prevención, e lembrou que Galicia conta cunha estratexia para a prevención e a detección precoz da dependencia que ten como finalidade as persoas maiores teñan unha calidade de vida mellor durante máis anos, garantindo unha vida activa, saudable, independente e segura.

- ▶ **O responsable da área social do Goberno galego sinalou que un dos obxectivos desta lexislatura é seguir completando os recursos e servizos de carácter terapéutico, facendo especial fincapé na atención cando as persoas presentan os primeiros síntomas da enfermidade para retrasar na medida do posible o seu avance**

Rey Varela sinalou que a Xunta seguirá completando nesta lexislatura os recursos e servizos de carácter terapéutico, facendo especial fincapé na atención cando as persoas presentan os primeiros síntomas e así poder actuar canto antes, previndo e

retrasando na medida do posible o avance da enfermidade. Ao respecto, asegurou que “o mellor apoio que podemos prestar a estas persoas e ás súas familias é ofrecerlles uns servizos próximos ao lugar onde residen, da maior calidade e eficiencia posible”.

<http://afaga.com/es/>



O novo Plan de accesibilidade turística senta as bases para converter Galicia nun referente do turismo inclusivo

- ▶ O plan proporciona tanto ao destino como ao sector turístico ferramentas para avanzar na mellora do grao de accesibilidade, no deseño dunha oferta adaptada e de materiais accesibles, na formación dos profesionais ou na sensibilización
- ▶ O Camiño de Santiago, onde a Rede de albergues públicos ten habitacións e aseos adaptados, conta cun apartado específico que fomenta unha experiencia inclusiva
- ▶ José Manuel Rey Varela destacou o compromiso da Xunta en seguir mellorando e completando unha rede de servizos que contribúan a mellorar a calidade de vida e o benestar de todas as persoas con independencia das súas capacidades
- ▶ Nava Castro lembrou que este plan supón un compromiso plasmado na Estratexia do turismo de Galicia 2020 ante “unha realidade crecente” na nosa sociedade



O conselleiro de Política Social e a directora de Turismo de Galicia presentaron o documento que recolle medidas e iniciativas para garantir que as persoas con diversidade funcional podan gozar dos recursos turísticos da Comunidade

Santiago de Compostela

14 de xullo de 2017.- A Xunta presentou o Plan de accesibilidade turística de Galicia e do Camiño de Santiago, a folla de ruta que aspira a converter Galicia nun referente do turismo inclusivo. O documento contén medidas para desenvolver no destino e da man do sector ato o ano 2019 e favorecer así o acceso aos recursos turísticos da comunidade a persoas con discapacidade e mobilidade reducida.

O plan foi presentado no Hostal dos Reis Católicos de Santiago de Compostela polo conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, e a directora de Turismo de Galicia, Nava Castro, xunto ao presidente da Plataforma Representativa Estatal de Persoas con Discapacidade Física (Predif), Francisco Vietes. Números representantes e membros das asociacións que traballan pola accesibilidade e do sector turístico participaron nesta cita.

Trátase dun compromiso plasmado na Estratexia do turismo de Galicia 2020, deseñada para acompañar o crecemento de viaxeiros previsto coa vista posta no Xacobeo 2021, e aliñase co Plan director e estratéxico do Camiño de Santiago, que conta cun plan específico para aplicar na ruta xacobeá. No plan proporciónase ao destino e ao sector turístico galego o soporte

e as ferramentas adecuadas para avanzar en cuestións de accesibilidade universal.

Despois de elaborar unha diagnose e identificar as posibles áreas de mellora, tomáronse as primeiras decisións, froito dun proceso de reflexión de carácter participativo con mesas de traballo e entrevistas onde estiveron presentes axentes do sector turístico e das asociacións que traballan por favorecer a inclusión na nosa sociedade. “Falamos dunha realidade crecente que esixe compromisos para que todas as persoas poidan viaxar e gozar dos nosos recursos turísticos en igualdade de condicións”, manifestou a directora de Turismo.

Pola súa banda, o conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, destacou o compromiso da Xunta para seguir mellorando e completando unha rede de servizos sociais que contribúan a mellorar a calidade de vida e o benestar de todos. “A discapacidade debe ser abordada desde a perspectiva da igualdade, a non discriminación, a accesibilidade universal e a acción positiva, e iso é o que tratamos de facer co plan que vimos de presentar”, explicou. “Temos a obriga de facer o turismo accesible a todas as persoas non só por solidariedade, senón por xustiza, xa que todos temos o mesmo dereito de gozar dos nosos

paraxes independentemente das nosas capacidades”, engadiu o conselleiro.

Rey Varela lembrou que hai un mercado potencial de 138 millóns de persoas con necesidades de acceso na Unión Europea, motivo polo que saudou a implantación deste Plan de accesibilidade. En concreto, as persoas que conforman este segmento da sociedade realizan unha media de 7,15 viaxes ao ano e prevese un crecemento interanual do 1,2%.

Preto de 700 establecementos analizados

Na fase inicial do estudo, analizáronse preto de 700 establecementos, entre aloxamentos e restaurantes, e no Camiño de Santiago avaliouse o grao de accesibilidade de máis de 50 etapas, de preto de 200 establecementos de hospedaxe e de 80 puntos de interese turístico. Isto permitiu detectar retos e oportunidades recollidos no plan nos que traballar.

Entre os principais obxectivos do plan atópase a mellora do grao de accesibilidade da oferta e a inclusión do colectivo de persoas con diversidade funcional, ademais de situar Galicia como un destino de turismo accesible nacional e internacional. Contén, así mesmo, iniciativas para incrementar a formación e a sensibilización da poboación galega

neste eido, outras dirixidas a proporcionar novas oportunidades de negocio ás empresas turísticas da nosa Comunidade e a establecer mecanismos para a xestión do turismo accesible.

O plan contén catro liñas estratéxicas para levar a cabo no destino Galicia e sete adicionais no Camiño de Santiago. De cara a mellorar a accesibilidade da oferta turística, propónse o deseño de produtos e rutas de turismo accesible. Para lograr a complicidade da sociedade, en xeral, e do sector turístico, en particular, promoveranse campañas de sensibilización. Tamén formación en materias de lexislación sobre accesibilidade e de atención ao cliente con diversidade funcional e necesidades diversas, xunto a unha guía de boas prácticas.

Galicia fomentará en feiras especializadas a súa imaxe como destino accesible, deseñando material promocional dirixido a este segmento e viaxes de familiarización. No marco do Plan de accesibilidade turística, aumentaranse igualmente as sinerxías entre o sector público, o privado e o movemento asociativo representativo de persoas con diversidade funcional.


Un Camiño de Santiago sen barreiras

Na súa intervención, Nava Castro reivindicou que “o Camiño

http://www.xunta.gal/plans-e-actuacions-da-xunta?p_p_id=ipecos_opencms_portlet_INSTANCE_X6zn&p_p_lifecycle=0&p_p_state=normal&p_p_col_id=column-2&p_p_col_count=1&ipecos_opencms_portlet_INSTANCE_X6zn_content=%2Fopencms%2FPortal-Web%2FContidos%2FActuacion

The screenshot shows the Xunta de Galicia website interface. The header includes the Xunta logo and navigation tabs for 'Goberno e institucións', 'Temas', 'eServizos', and 'Transparencia'. The main content area displays the title 'Plan de accesibilidade turística de Galicia e do Camiño de Santiago 2016-2019'. Below the title, there is a 'Misión' section stating the goal of providing accessible tourism services, a 'Visión' section about inclusive tourism, and a list of 'Obxectivos estratéxicos' such as improving accessibility, promoting Galicia as a destination, and creating universal accessibility initiatives. A 'Documentos relacionados' section lists the plan and executive document. The footer indicates the topic is 'Cultura e ocio' and the department is 'A Presidencia da Xunta; Xerencia de Turismo de Galicia'.

http://www.xunta.gal/c/document_library/get_file?folderId=110144&name=DLFE-29305.pdf



Plan de Accesibilidade Turística de Galicia e do Camiño de Santiago



de Santiago non ten fronteiras e pola mesma razón non pode ter barreiras". "Non é posible unha verdadeira acollida se persisten obstáculos que a dificultan", engadiu. A Ruta Xacobeá, polas súas particularidades, dispón dun apartado específico para cuxa redacción se examinaron os diferentes itinerarios.

A Xunta aspira a que sexa unha experiencia totalmente

inclusiva e cuxa adaptación sirva de aliciente para o resto do sector turístico, segundo expuxo a directora de Turismo de Galicia. Neste sentido, lembrou que a Rede pública de albergues dispón de habitacións e aseos adaptados, ademais de sinalización comprensible. O plan inclúe medidas para afondar nesta liña dispoñendo de información accesible en función das necesidades dos peregrinos.

A Xunta fomentará o coñecemento do turismo rural entre a mocidade galega con actividades de educación non formal

- ▶ O programa permitirá que 480 mozos e mozas vivan unha experiencia de turismo rural ao tempo que desenvolven un programa formativo no que abordarán diferentes temáticas: creatividade, coaching e motivación, enfrontarse a unha entrevista de traballo ou accións relacionadas co coñecemento e coidado do patrimonio natural, cultural e etnográfico de Galicia

Santiago de Compostela, 24 de agosto de 2017.- O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, e a directora de Turismo de Galicia, Nava Castro, asinaron esta mañá un convenio de colaboración co dobre obxectivo de impulsar o coñecemento do turismo rural entre a xuventude e, ao mesmo tempo, mellorar as súas competencias a través da educación non formal. O acto de sinatura tivo lugar nas dependencias administrativas da Xunta en San Caetano e tamén contou coa asistencia da directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez Suárez.

Esta nova iniciativa está dirixida a rapaces e rapazas con idades comprendidas entre os 18 e os 30 anos. Os participantes levarán a cabo actividades relacionadas co coñecemento da riqueza natural, seu coidado e o contacto coa natureza, durante estadias de fin de semana en aloxamentos turísticos no medio rural, emprazados tanto no interior como en zonas costeiras. Ademais, recibirán formación en temáticas como creatividade, coaching e motivación, como enfrontarse a unha entrevista de traballo e realizarán accións relacionadas co medio ambiente.

O conselleiro José Manuel Rey Varela destacou deste programa conxunto con Turismo de Galicia o feito de que "permitirá á mocidade adquirir novas competencias e habilidades e ter un mellor coñecemento do patrimonio natural, cultural e etnográfico de Galicia, ao tempo que se promove o respecto polo mesmo". Neste sentido,

engadiu que con esta iniciativa "ademais de proporcionar aos mozos e mozas a posibilidade de vivir unha experiencia de turismo rural, promovemos a educación ambiental e o ocio sostible, así como a mellora das súas competencias e aptitudes".

Pola súa banda, a directora de Turismo de Galicia sinalou que para respectar o noso patrimonio "é imprescindible coñecerlo e saber valoralo, de aí a relevancia desta actuación conxunta". Nava Castro subliñou que este acordo permite afondar nun dos obxectivos da Estratexia do turismo de Galicia 2020, que propón medidas para sensibilizar as novas xeracións sobre o turismo e a súa capacidade como motor de desenvolvemento. "Sexa como turistas ou como anfitrións, desexamos que os máis novos compartan os valores intrínsecos de Galicia como destino".

O programa desenvolverase durante as catro fins de semana do mes de outubro en seis aloxamentos rurais situados en Carnota, Os Ancares, Eume, O Courel, Manzaneda e Xurés. Ofertaranse un total de 480 prazas, a razón de 20 prazas por fin de semana e instalación.

O presuposto para a realización desta iniciativa ascende a 80.000 euros, sufragados a partes iguais entre Política Social e Turismo de Galicia, e que se destinarán a abonar os custes de aloxamento e manutención dos participantes, así como do persoal técnico que se encargará de impartir o programa formativo e á compra do material que sexa preciso para o seu desenvolvemento.

A Xunta informa da apertura do prazo de inscricións ao Xuventude Galicia Net R Encounter

- ▶ **A Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, colabora neste evento, ao que se une a empresa R como patrocinadora e colaboradora**
- ▶ **As inscricións poderanse realizar a través da páxina web do evento, www.xgnrencounter.gal, e o prezo será de 30 euros**

Santiago de Compostela, 17 de agosto de 2017 .- A Xunta informa da próxima apertura do prazo de preinscrición ao encontro informático Xuventude Galicia Net que se celebrará do 8 ao 10 de setembro nas instalacións da Feira Internacional de Galicia, en Silleda (Pontevedra). Así, as persoas interesadas en participar neste evento tiveron que anotarse o día 22 de agosto ás 10.00 horas a través da páxina www.xgnrencounter.gal, sendo o prezo de 30 euros.

A Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, colabora na que é a decimo sétima edición desta festa informática, a cal adopta o nome de XGN R Encounter ao incorporarse esa empresa

operadora de telecomunicacións por fibra óptica ao evento como patrocinadora oficial, ademais de colaboradora a nivel técnico e de contidos.

Como novidade nesta edición, o día 24 de agosto a partir das 10.00 horas os inscritos puideron seleccionar os seus postos, o que asegurou aos participantes que acudiron en grupo situarse na mesma zona LAN party, a cal terá 1.044 postos habilitados. Así mesmo, o evento dispón por primeira vez dunha app propia.

A convocatoria de 2016 contou coa participación de cerca de 800 inscritos, procedentes na súa maioría de Galicia pero tamén de Asturias, País Vasco, Castela e León, Madrid, Valencia, Cataluña e Baleares. Estes puideron participar en máis de 40 actividades

distintas, das que 14 foron torneos unicamente para eles e as restantes estiveron abertas a todos os visitantes.

Máis velocidade de conexión

A XGN R Encounter manterá en 2017 a súa formulación, se ben se reforzarán as súas prestacións ao multiplicar por cinco a velocidade de conexión grazas a R (contará con 10 xigas simétricas de fibra óptica, ademais de 1 xiga de respaldo). Tamén se potenciará o seu programa de torneos e actividades.

Estas melloras forman parte dun proxecto conxunto que pretende que a XGN R Encounter medre ata converterse en tres ou catro anos nunha das LAN party máis importantes de España, ao tempo que significa fraternizar e contar a nivel técnico e de contidos coa bagaxe da party Euskal Encounter, organizada por Euskaltel en Bilbao e que acaba de celebrar a súa edición número 25. Ademais, supón a vinculación da party coa rede de Encounters da que tamén forman parte a Gipuzkoa Encounter, que

suma 11 citas, e a Araba Encounter, que este ano celebrará a súa cuarta edición.

A XGN R Encounter contará cunha zona Intranet orientada aos inscritos, os cales poderán gozar dun posto con dereito a acampar no interior do pavillón e tamén a participar en numerosas actividades e torneos exclusivos. Unirse de novo a ela a Extranet, unha área que acollerá un completo programa con multitude de actividades ás que poderán acceder tanto os inscritos como os visitantes que acudan ao recinto. Ademais, volverá a incluír un espazo expositivo complementario con presenza de empresas relacionadas co material informático e o ocio electrónico, entre outros.

Aínda que o evento comezará oficialmente o día 8, abrirá as súas portas de forma non oficial o 7 de setembro ás 16.00h, co obxectivo de facilitar o acceso dos inscritos e permitir que aqueles que o desexen comencen a instalar os seus postos e útiles para durmir. Será unha xornada de probas técnicas e montaxe.

<https://xgnr01.xgnrencounter.gal/>

XGN R encounter

ACTIVIDADES PARTY ASISTE EDICIONES ANTERIORES RED NOTICIAS **ENTRA**

¡Reserva de entradas abierta!

Reserva ya tu bono para el catering

SILLEDA, 8-10 SEPTIEMBRE 2017

ARTE DIGITAL
Es el arte de la era de los ordenadores. Se materializa en tres grandes temas: la creación de imágenes digitales, la música digital y la programación. Participa y presenta tu producción a concurso, de forma

HARDWARE
El modding, además de la modificación, cambio y personalización de los equipos, de sus componentes, los periféricos e incluso el mobiliario que les sirve de soporte, es también una afición que aúna creatividad y maña. Para

A Xunta pon en marcha unha nova edición de Galeuropa cunha xuntanza cos mozos e mozas beneficiarios das axudas individuais

Santiago de Compostela, 28 de agosto de 2017.- A directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado da Xunta de Galicia, Cecilia Vázquez, participou esta mañá nun encontro informativo cos beneficiarios do programa de mobilidade transnacional xuvenil Galeuropa 2017 no apartado de axudas individuais. A este encontro, que tivo lugar nas dependencias administrativas de San Caetano, estaban citados 160 mozos e mozas menores de 30 anos inscritos no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma que participarán neste programa.

Trátase dunha xornada previa ao inicio das prácticas formativas non retribuídas en empresas e entidades públicas ou privadas de países europeos dunha duración entre dous e tres meses. A contía da axuda por beneficiario depende tanto do país de realización da práctica formativa como da duración da mesma. O importe da axuda total inclúe unha achega para os gastos de aloxamento e manutención, así como para a viaxe e para apoio lingüístico.

Na modalidade de axudas individuais, recibíronse un total de 286 solicitudes e resultaron beneficiarios 160 mozos e mozas cun orzamento adjudicado de 674.527,26 euros. Segundo o país de realización das prácticas, estes 160 mozos e mozas realizarán a súa mobilidade nun total de 18

países: 53 no Reino Unido; 38 en Portugal; 16 en Irlanda; 11 en Malta; 10 en Alemaña; cinco en Francia; cinco en Grecia; catro en Italia; tres en Bélxica, Países Baixos e Polonia, respectivamente; dous en Dinamarca e dous en Eslovaquia; e un respectivamente en Austria, Eslovenia, Hungría, Letonia e Suecia.

Neste ano 2017, o programa Galeuropa conta cun orzamento global de 2.176.515,40 euros es está cofinanciado pola Iniciativa de Emprego Xuvenil e o Fondo Social Europeo. A iniciativa, que forma parte do Programa Operativo de Emprego Xuvenil, ten por finalidade financiar e apoiar á mobilidade da mocidade galega para que realice estadias de prácticas formativas non remuneradas entre dous e tres meses de duración en entidades ou empresas públicas ou privadas de 27 países da Unión Europea. Así mesmo e ao respecto das achegas económicas, estas poden ser individuais aos mozos e mozas así como a proxectos de mobilidade de entidades sen ánimo de lucro que desenvolvan a súa actividade no eixo da xuventude ou a proxectos de concellos, agrupacións de concellos ou mancomunidades.

Mellora da empregabilidade

A directora xeral salientou que "un eixe prioritario das políticas de Xuventude desta administración é o destinado ao fomento da mobilidade xuvenil". Nesta liña

- **Un total de 160 rapaces e rapazas menores de 30 anos e inscritas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil recibirán axudas individuais para financiar a viaxe, estancia e manutención no estranxeiro durante os dous ou tres meses que durará a súa formación**
- **O programa Galeuropa conta este ano cun orzamento global superior aos 2 millóns de euros, que se distribúen entre achegas individuais, a proxectos de mobilidade de entidades sen ánimo de lucro ou a proxectos de concellos, agrupacións de concellos ou mancomunidades**

de traballo enmárcase o programa Galeuropa, xa que ten como finalidade apoiar a formación da mocidade galega mediante a mellora da súa empregabilidade, favorecendo a adquisición de novos coñecementos, habilidades, capacidades e cualificacións para facilitar a súa inclusión no mercado de traballo, de xeito que poidan constatar unha práctica formativa no estranxeiro como parte do currículo.

Así, con estas mobilidades se intenta dotar á comunidade de profesionais con coñecementos non só das habilidades propiamente da súa titulación senón tamén que coñezan o funcionamento do mundo empresarial internacional e á súa vez con dominio de idiomas estranxeiros. Preténdese que os mozos e mozas alcancen e asimilen unha visión a nivel persoal e profesional que contribuirá á mellora da súa vida persoal e profesional á vez que se dota de recursos humanos de calidade ao tecido empresarial galego, así como tamén contribúe a descubrir novas posibilidades para a internacionalización das empresas galegas.

Cecilia Vázquez sinalou que segundo un estudo da Universidade de Santiago de Compostela sobre Os programas de Educación non formal e a empregabilidade da xuventude en Galicia, presentado en 2016 e que analizou os resultados de tres programas da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, o desemprego entre

os participantes en Galeuropa diminuíu nun 67%. O estudo destaca que antes das prácticas, un 70,4% dos participantes estaba no paro, cifra que se reduciu posteriormente ata o 23,4%.

De conformidade co Programa Operativo de Emprego Xuvenil, a mobilidade, transnacional, pode constituir un elemento fundamental na formación dos mozos e mozas, tanto pola experiencia adquirida como polo apoio que pode supoñer a aprendizaxe dun idioma estranxeiro. Desta maneira, pode aportar un valor engadido á formación permanente dos mozos e a súa traxectoria profesional e proporcionarlle máis oportunidades de emprego.

A Consellería de Política Social considera prioritario apoiar medidas que incrementen as oportunidades de emprego para os mozos e mozas, medidas que deben contribuir a facilitar o seu acceso ao mercado de traballo, reducir os obstáculos lingüísticos e fomentar a súa autonomía persoal mediante a mellora da súa empregabilidade.

A responsable de Xuventude finalizou a súa intervención recordando que unha vez finalizados os proxectos, os participantes poden obter un certificado oficial de experiencias de educación non formal en materia de xuventude, como instrumento que permite confirmar a participación nos programas de educación non formal e sobre todo validar as competencias adquiridas.

http://xuventude.xunta.es/index.php?option=com_content&view=

The screenshot shows the website interface for the Xunta de Galicia's Social Policy Department. At the top, there is a navigation bar with links for 'Inicio', 'Mapa do portal', 'Contacto', 'Suestións e queixas', 'Accesibilidade', and 'GALEGO | CASTELLANO'. Below this, a main menu lists 'Política Social' with sub-items: 'Consellería', 'Sala de comunicación', 'Recursos', and 'Temas'. A central banner features a photo of a hand holding a bunch of green grapes, with the text 'XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL'. Below the banner is a horizontal menu with categories: 'infancia', 'familia', 'discapacidade', 'dependencia', 'comunidad e inclusión', and 'maiores', followed by a search box. Two news items are visible: 'Campamentos de verano específicos para personas con discapacidad 2017' and 'AXUDAS E SUBVENCIÓNS. FONDOS EUROPEOS'. A small inset box on the left contains the text '...unha web accesible >>' and 'Establécese a posibilidade de consultar a web a través dun formato de alto contraste para que poida ser consultada con maior facilidade por persoas con algún tipo de deficiencia visual.'

Actualidade

Días internacionais

Estes son os principais días internacionais observados actualmente polas Nacións Unidas.

Xaneiro

27 de xaneiro

- Día Internacional de Conmemoración Anual en Memoria das Vítimas do Holocausto

Febreiro

6 de febreiro

- Día Internacional de Tolerancia Cero coa Mutilación Xenital Feminina

11 de febreiro

- Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia

20 de febreiro

- Día Mundial da Xustiza Social

Marzo

1º de marzo

- Día da cero Discriminación (ONUSIDA)

8 de marzo

- Día Internacional da Muller

20 de marzo

- Día Internacional da Felicidade

21 de marzo

- Día Internacional da Eliminación da Discriminación Racial

- Día Mundial da Síndrome de Down

24 de marzo

- Día Internacional do Dereito á Verdade en Relación con Violacións Graves dos Dereitos Humanos e da Dignidade das Vítimas

25 de marzo

- Día Internacional do Recordo

das Vítimas da Escravitude e a Trata Transatlántica de Escravos

Abril

2 de abril

- Día Mundial de Concienciación sobre o Autismo

6 de abril

- Día Internacional do Deporte para o Desenvolvemento e a Paz

7 de abril

- Día Mundial da Saúde

28 de abril

- Día Mundial da Seguridade e Saúde no Traballo

29 de abril

- Día de Conmemoración de todas as vítimas da guerra química

Maio

15 de maio

- Día Internacional da Familia

21 de maio

- Día Mundial da Diversidade Cultural para o Diálogo e o Desenvolvemento

29 de maio

- Día Internacional do Persoal de Paz das Nacións Unidas

Xuño

1º de xuño

- Día Mundial das Nais e os Pais

4 de xuño

- Día internacional dos Nenos Vítimas Inocentes de Agresión

12 de xuño

- Día Mundial contra o Traballo Infantil

13 de xuño

- Día Internacional de Sensibilización sobre o Albinismo

14 de xuño

- Día Mundial do Doador de Sangue

15 de xuño

- Día Mundial de Toma de Conciencia de Abuso e Maltrato na Vellez

19 de xuño

- Día Internacional para a Eliminación da Violencia Sexual nos Conflitos

20 de xuño

- Día Mundial dos Refuxiados

23 de xuño

- Día Internacional das Viúvas

25 de xuño

- Día da Xente do Mar

26 de xuño

- Día Internacional en Apoio das Vítimas da Tortura

- Día Internacional da Loita contra o Uso Indevido e o Tráfico Ilícito de Drogas

Xullo

2 de xullo (primeiro sábado de xullo)

- Día Internacional das Cooperativas

11 de xullo

- Día Mundial da Poboación

15 de xullo

- Día Mundial das Habilidades da Xuventude

18 de xullo

- Día Internacional de Nelson Mandela

30 de xullo

- Día Internacional da Amizade

- Día Mundial contra a Trata

Agosto

12 de agosto

- Día Internacional da Xuventude

19 de agosto

- Día Mundial da Asistencia Humanitaria

23 de agosto

- Día Internacional do Recordo da Trata de Escravos e da súa Abolición

30 de agosto

- Día Internacional das Vítimas de Desaparicións Forzadas

Setembro

5 de setembro

- Día Internacional da Beneficencia

8 de setembro

- Día Internacional da Alfabetización

10 de setembro

- Día Mundial para a Prevención do Suicidio

15 de setembro

- Día Internacional da Democracia

21 de setembro

- Día Internacional da Paz

Outubro

1º de outubro

- Día Internacional das Persoas de Idade

2 de outubro

- Día Internacional da non Violencia

10 de outubro

- Día Mundial da Saúde Mental

11 de outubro

- Día Internacional da Nena

15 de outubro

- Día Internacional das Mulleres Rurais

16 de outubro

- Día Mundial da Alimentación

17 de outubro

- Día Internacional para a Erradicación da Pobreza

24 de outubro

- Día das Nacións Unidas

24 de outubro

- Día Mundial de Información sobre o Desenvolvemento

Novembro

10 de novembro

- Día Mundial da Ciencia para a Paz e o Desenvolvemento

16 de novembro

- Día Internacional para a Tolerancia

20 de novembro

- Día Universal do Neno

25 de novembro

- Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller

29 de novembro

- Día Internacional de Solidariedade co Pobo Palestino

Decembro

1º de decembro

- Día Mundial da Loita contra a Sida

2 de decembro

- Día Internacional para a Abolição da Escravitude

3 de decembro

- Día Internacional das Persoas con Discapacidade

5 de decembro

- Día Internacional dos Voluntarios

9 de decembro

- Día Internacional para a Conmemoración e Dignificación das Vítimas do Crime de Xenocidio e para a Prevención dese Crime

9 de decembro

- Día Internacional contra a Corrupción

10 de decembro

- Día dos Dereitos Humanos

18 de decembro

- Día Internacional do Migrante

20 de decembro

- Día Internacional da Solidariedade Humana

<http://www.un.org/es/events/charityday/>



Día Internacional da Beneficencia

5 de setembro

<http://www.un.org/es/events/peaceday/>



Día Internacional da Paz

21 de setembro

<http://www.un.org/es/events/olderpersonsday/>



Día Internacional das Persoas de Idade

1 de outubro

http://www.who.int/mental_health/world-mental-health-day/



Día Mundial da Saúde Mental

10 de outubro

<http://www.un.org/es/events/girlchild/>



Día Internacional da Nena

11 de outubro

<http://www.un.org/es/events/povertyday/>



Día Internacional para a Erradicación da Pobreza

17 de outubro

<http://www.un.org/es/events/unday/>



Día das Nacións Unidas

24 de outubro

Estatísticas

Distribución provincial e evolución das prazas públicas da Xunta de Galicia

A Xunta de Galicia conta con 3.465 prazas distribuídas en 31 centros residenciais de titularidade propia. Dos centros propios, 19 están xestionados directamente pola Xunta de Galicia, mentres que os 12 restantes son xestionados por empresas externas.


Xestión:	Prazas con autonomía	Prazas con dependencia	Total prazas
Propia	932	1.247	2.179
Externa	24	1.261	1.286
Total	956	2.509	3.465

Ademais, a Xunta de Galicia ten prazas concertadas en 74 centros. Hai prazas concertadas en 3 centros de titularidade municipal, 34 centros de titularidade privada con ánimo de lucro e 37 centros de iniciativa social. O total de prazas concertadas é de 3.426; 14 son prazas con autonomía e 3.412 son prazas con dependencia.

	Prazas con autonomía	Prazas con dependencia	Total
A Coruña	0	891	891
Lugo	0	812	812
Ourense	4	775	779
Pontevedra	10	934	944
Total	14	3.412	3.426


Distribución provincial das prazas públicas da Xunta de Galicia

	Prazas con autonomía	Prazas con dependencia	Total
A Coruña	364	1.984	2.348
Lugo	320	1.170	1.490
Ourense	72	1.179	1.251
Pontevedra	214	1.588	1.802
Total	970	5.921	6.891



Evolución de prazas residenciais da Xunta de Galicia

	Prazas en centros propios	Prazas en centros concertados	Total
2005	3.098	1.581	4.679
2006	3.179	2.110	5.289
2007	3.329	2.101	5.430
2008	3.333	2.226	5.559
2009	3.324	2.467	5.791
2010	3.448	3.203	6.651
2011	3.464	3.196	6.660
2012	3.464	3.191	6.655
2013	3.440	3.191	6.631
2014	3.440	3.306	6.746
2015	3.460	3.346	6.806
2016	3.465	3.426	6.891



<https://politicassocial.xunta.gal/XiacWeb/>



Censo de personas con discapacidad

A poboación con discapacidade recoñecida en Galicia con data de decembro do 2016 é de 227.696 persoas coa seguinte distribución provincial:

	Homes	Mulleres	Total
A Coruña	44.494	48.484	92.978
Lugo	11.237	10.141	21.378
Ourense	13.470	13.076	26.546
Pontevedra	41.824	44.970	86.794
Total	111.025	116.671	227.696

Distribución por grupos de idade

	Homes	Mulleres	Total
Menor de 7 anos	845	510	1.355
De 7 a 15 anos	3.048	1.589	4.637
De 16 a 29 anos	5.025	3.451	8.476
De 30 a 49 anos	21.570	16.655	38.225
De 50 a 64 anos	30.332	27.002	57.334
De 65 a 74 anos	23.636	23.262	46.898
> 74 anos	26.569	44.202	70.771
Total	111.025	116.671	227.696

A distribución por tipo de discapacidade é a seguinte:

	Física	Psíquica	Sensorial	Total
A Coruña	72.661	17.214	35.430	125.305
Lugo	15.860	5.020	10.343	31.223
Ourense	14.292	3.669	8.429	26.390
Pontevedra	66.211	16.276	33.066	115.553
Total*	169.024	42.179	87.268	298.471

* Os datos totais da poboación discapacitada por tipo de discapacidade non coinciden cos datos totais debido a que unha mesma persoa pode ter recoñecidos distintos tipos de discapacidade. Fonte de datos Censo de Persoas con Discapacidade de Galicia.

http://www.ige.eu/web/mostrar_actividade_estadistica.jsp?idioma=gl&codigo=0205001002

The screenshot shows the website interface for the Instituto Galego de Estatística (IGE). The main navigation bar includes 'Mapa web', 'Contacto', 'Suxeccións', 'Axuda', 'Ligazóns', and 'Aviso legal IGE'. The search bar contains 'XUNTA DE GALICIA'. The page title is 'Censo de persoas con discapacidade'. The content area lists:

- Poboación discapacitada por grupos de idade: Galicia
- Poboación discapacitada: Galicia e provincias
- Persoas con algunha discapacidade segundo o grao e o tipo de discapacidade: Galicia e provincias
- Persoas con algunha discapacidade segundo tipo e grao de discapacidade por sexo: Datos municipais

 At the bottom, it mentions 'Entidades prestadoras de servizos sociais. Datos nivel municipal'.

Dependencia

Xestión das valoracións das situacións de dependencia

En Galicia, a data 31 de decembro de 2016, un total de 79.530 persoas solicitaron o recoñecemento da situación da dependencia. Do total de solicitudes rexistradas foi recoñecido o grao de dependencia ao 97,83% (77.804) do total de solicitudes activas, e 49.101 son persoas beneficiarias con prestacións.

Total de beneficiarios activos	49.101
Prevención e Promoción	3.170
Residencia	7.738
Teleasistencia	2.555
Centro de día	6.722
Axuda no fogar	16.571
Coidadores	12.930
Libranza vinculada a servizo	5.088
Libranza de asistente persoal	88
Total prestacións	54.862

Solicitudes, persoas beneficiarias con dereito a prestacións e prestacións por Comunidades Autónomas

	Solicitudes	Total persoas beneficiarias con dereito a prestación	Persoas beneficiarias con prestacións
Andalucía	380.251	237.375	183.962
Aragón	44.970	22.714	21.038
Principado de Asturias	35.130	25.783	20.034
Illas Baleares	25.179	14.664	14.587
Canarias	42.836	17.262	16.852
Cantabria	21.185	14.951	13.370
Castela e León	117.100	109.349	85.301
Castela – A Mancha	84.774	51.526	41.338
Cataluña	290.547	160.179	126.668
Comunidade Valenciana	100.487	55.662	51.564
Estremadura	52.992	26.740	24.435
Galicia	79.530	54.862	49.101
Comunidade de Madrid	170.260	142.453	108.817
Rexión de Murcia	43.069	40.282	32.134
Comunidade Foral de Navarra	18.323	11.941	9.754
País Vasco	96.637	69.259	56.449
A Rioxa	14.933	10.540	7.592
Ceuta e Melilla	4.000	3.425	2.568
España	1.622.203	1.068.967	865.564

Fonte: IMSERSO. SAAD (Sistema para la Autonomía y Atención a la Dependencia)

Alertas

Alertas bibliográficas

- **Ceoma. Confederación Española de Organizaciones de Mayores. Revista**

<http://ceoma.org/opinion-de-ceoma/boletin-ceoma-2/>

Periodicidade trimestral.

Edita: Ceoma. Confederación Española de Organizaciones de Mayores

Este organismo non governamental edita unha revista que serve para difundir, a través de entrevistas e artigos de opinión, as accións que leva a cabo a confederación para intentar resolver ou, cando menos, paliar os problemas aos que se enfrontan os maiores.

Consta de varias seccións: Cidadanía, Opinión a debate, Sociedade civil, Saúde, Dependencia, Cultura e ocio, etc.

O último núm. publicado é o 26 (xuño de 2017) que aborda diversos temas como: os centros libres de suxeccións para enfermos de alzhéimer, o abuso e o maltrato aos maiores e a sustentabilidade do sistema de pensións.

- **Documentos de Trabajo Social. Revista de Trabajo y Acción Social**

http://www.trabajosocialmalaga.org/revistadts/acerca_de.php

ISSN: 1133-6552. ISSN electrónico: 2173-8246.

Periodicidade: Cuadrimestral (ata 2006). Semestral (desde 2007).

Edita: Colegio Profesional de Trabajo Social de Málaga

DTS é unha publicación científico-técnica que edita o CODTS de Málaga desde 1993. Responde á necesidade sentida na práctica do Traballo Social de investigar, teorizar e universalizar os coñecementos e experiencias. Pretende constituír un impulso profesional, ademais de ofrecer unha importante achega á reflexión e ao desenvolvemento da intervención social desde as distintas institucións públicas e privadas.

Así mesmo, desde o ano 1996 vén convocando ao Premio Científico de Documentos de Traballo Social, o cal conta na actualidade co patrocinio da Excm. Deputación Provincial de Málaga, a través da Delegación de Dereitos Sociais, a Universidade de Málaga, a través da Facultade de Estudos Sociais e do Traballo, e o Excmo. Concello de Málaga, a través da área de Dereitos Sociais.

Último nº. publicado: 58 (2016):

http://www.trabajosocialmalaga.org/archivos/revista_dts_numeros/DTS_58.pdf

Editorial / Eva María del Pino Villarrubia

1. El diario de campo como método autobiográfico en trabajo social

/ Berenice Pérez Ramírez, Gloria Giselle Enríquez Ramírez y Nadia Karina Franco García

2. Trabajo Social y mediación penal. Intervención del Trabajador Social en el proceso de mediación con menores infractores / María Saavedra Gutiérrez

3. La Trabajadora Social como coordinadora de equipos, un perfil idóneo /Francisca Herrero Cuesta

4. Análisis de las variables de fragilidad en jóvenes internados en centro de menores por mandamiento judicial / Gonzalo García Prado

5. Percepción sobre la violencia intragénero en una muestra de estudiantes de Trabajo Social mexicanos / Luis Manuel Rodríguez Otero

6. Análisis de la Renta Social Garantizada frente a la Renta Mínima de Inserción en Baleares / Joaquín de María Arrebola

7. Proyecto de Investigación: El absentismo en el I.E.S. Joaquín Romero Murube / Anabel Bayón Contreras, Gloria García Fernández, María Romero Pérez y María Teresa Sánchez García

8. Espiritualidad, Logoterapia y Trabajo Social: aportaciones para una práctica holística del Trabajo Social / María del Carmen Perea Torregrosa

9. Personas mayores voluntarias: Un análisis de las estrategias para su gestión / Elvira Medina Ruiz

- **“International Journal of Developmental and Educational Psychology”. Revista Infad de Psicología.**

<http://www.infad.eu/RevistaINFAD/OJS/index.php/IJDAEP/index>

ISSN: 0214-9877.

Periodicidade semestral. Licenza CC de recoñecemento, non comercial, sen obra derivada.

Edita: Asociación de Psicología Evolutiva y Educativa de la Infancia, Adolescencia, Mayores y Discapacidad (INFAD de Psicología).

Últimos nºs publicados: Año XXVIII Número 1 (2016, Volume 1 e 2)

<http://infad.eu/RevistaINFAD/index.php/publicaciones/revista-infad-2016/>

- **El Profesional de la Información (EPI)**

<https://recyt.fecyt.es/index.php/EPI/issue/archive>

ISSN-e: 1699-2407 1386-6710.

Periodicidade bimestral

Edita: EPI SCP

Revista internacional científica e profesional en español líder na área de información, comunicación, documentación, bibliotecas e novas tecnoloxías.

EPI publica artigos científicos e técnicos orixinais, en español e inglés, sobre: Información e Comunicación, o que engloba: Sistemas de información (análise e deseño) e xestión de información con todas as correspondentes subáreas: bibliotecas, centros de documentación, publicación científica, bases de datos, software documental, intelixencia, márketing, indización, etc.

Destacamos, polo interese que suscita o vol. 26, núm. 3 (2017): Información pública

Destacan os seguintes artigos:

Horizontes de la información pública / Juan-Luis Manfredi-Sánchez

<https://recyt.fecyt.es/index.php/EPI/article/view/epi.2017.may.01>

Impacto de la legislación sobre transparencia en la información publicada por las administraciones locales / Amparo Moreno-Sardà, Pedro Molina-Rodríguez-Navas, Núria Simelio-Solà

<https://recyt.fecyt.es/index.php/EPI/article/view/epi.2017.may.03/35770>

Acceso a la información pública y su reutilización en las comunidades autónomas: evaluación de la reutilización de datos abiertos / Adrián Vicente-Paños, Aurea Jordán-Alfonso

<https://recyt.fecyt.es/index.php/EPI/article/view/epi.2017.may.04>
(Subscripción ou acceso de pagamento)

Comunicación política de los ayuntamientos a través de sus webs. Caso de Extremadura / María-Rosario Fernández-Falero, Javier Trabadela-Robles, Indhira Garcés-Botacio, Soledad Ruano-López

<https://recyt.fecyt.es/index.php/EPI/article/view/epi.2017.may.06/35773>

Solidaridad y transparencia digital. Webs y redes sociales de las ONGs españolas de acción social / Xosé Baamonde-Silva, Silvia García-Mirón, Xabier Martínez-Rolán

<https://recyt.fecyt.es/index.php/EPI/article/view/epi.2017.may.10>
(Subscripción ou acceso de pagamento)

• Revista Española de Discapacidad (REDIS)

<http://www.cedd.net/redis/index.php/redis/issue/view/18>

ISSN-e: 2340-5104.

Data de inicio: 2013- Periodicidade semestral.

A Revista Española de Discapacidade (REDIS) é unha revista electrónica

de carácter científico, orientada á publicación de artigos de investigación ou de reflexión académica, científica e profesional no ámbito da discapacidade, desde unha perspectiva multidisciplinar.

REDIS está coordinada e editada polo Centro Español de Documentación sobre Discapacidade (CEDD) e promovida polo Real Padroado sobre Discapacidade e a Dirección Xeral de Políticas de Apoio á Discapacidade do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade.

Último número publicado: nº. 5, 1 (2017)

- Apoyando la participación real de las personas con discapacidad intelectual: una experiencia de investigación inclusiva sobre vida independiente / María Pallisera i Díaz, Judit Fullana Noell, Carolina Puyalto Rovira, Montserrat Vilà Suñé, Gemma Díaz Garolera, p. 7-24
- Accesibilidad universal: sentido normativo e implicaciones en la educación y la práctica profesional / Manuel Aparicio Payá, Emilio Martínez Navarro, p. 25-41
- Educación inclusiva en las instituciones de educación superior: narrativas de estudiantes con discapacidad / Almudena Cotán Fernández, p. 43-61
- Empoderamiento en estudiantes universitarios con discapacidad en función de la tipología, funcionalidad y etapa en la que se adquiere la discapacidad / Raquel Suriá Martínez, Esther Villegas Castrillo, Ana María Rosser Limiñana, p. 63-75
- Buscando datos e indicadores para evaluar los servicios de atención temprana / Jaime Ponte Mittelbrunn, p. 77-98
- Detección precoz de trastornos del neurodesarrollo en los primeros años de vida en niños con cardiopatías congénitas / M^a del Rosario Mendoza Carretero, Susana Ares Segura, Belén Sáenz Rico de Santiago, p. 99-111
- Los sistemas alternativos y aumentativos de comunicación (SAAC) como instrumento para disminuir conductas desafiantes en el alumnado con TEA: estudio de un caso / Rosa Mira Pastor, Claudia Grau Rubio, p. 113-132
- Comportamientos de riesgo y abuso sexual en varones y mujeres con discapacidad visual o auditiva / Silvia Susana Robles Montijo, Carmen Yolanda Guevara Benítez, p. 133-151
- Situación actual de la actividad física para personas con discapacidad en la Comunidad de Madrid / Javier Pinilla Arbex, Javier Pérez Tejero, p. 153-165
- Bases para una Estrategia Nacional de Clasificación en Deporte Paralímpico en España / Raúl Reina Vaíllo, Nuria Vilanova Pérez, p. 195-216
- Avances en investigación de la discapacidad intelectual de origen genético: tratamientos experimentales en el síndrome X frágil / Yolanda de Diego Otero, Lucía Pérez Costillas, Rocío Calvo Medina, Carolina Quintero Navarro, Isabel del Pino Benítez, Yolanda Casado Martín, Cristina Nogueira Cobas, p. 217-227
- Aplicación de las nuevas tecnologías en la rehabilitación del lesionado medular / Sara Cáceres Saavedra, María Belén Gómez Saldaña, María Jesús García Carpintero, Marina Milian Alonso, Ana Arroyo Arias, Lía Cascante Gutiérrez, p. 229-236
- La normalización lingüística de la lengua de signos española / Francisco Vera Villaverde, p. 237-243

Alertas

Alertas bibliográficas

- **Sistema**

Periodicidade: bimestral. ISSN: 0210-0223.

Data de inicio: 1973- Edita: Fundación Sistema.

Revista de ampla proxección, basicamente en círculos universitarios. Aborda temas de socioloxía, ciencias políticas, filosofía, metodoloxía, historia social, etc. Situada nun determinado contexto histórico céntrase tamén de modo moi especial no estudo e coñecemento de moitos problemas na sociedade española actual. A revista contén varias seccións: artigos, notas e críticas de libros. Cada ano publica un número duplo e monográfico dedicado a un tema de especial relevancia ou actualidade.

Dos nºs publicados en 2017 destacan os seguintes artigos:

- Nº. 245:

El Estado de Bienestar en España en un escenario de crisis sistémica / Tomás Fernández García y Sergio Andrés Cabello

<https://www.fundacionsistema.com/revista-sistema/revista-sistema-num-245/el-estado-de-bienestar-en-espana-en-un-escenario-de-crisis-sistémica-the-welfare-state-in-spain-in-a-context-of-systemic-crisis/>

- Nº. 246:

Análisis de la gestión de la dependencia en España según el enfoque pluralista del Estado del Bienestar / Nelly Julia Castro Vadillo, María de la O Barroso González y David Flores Ruiz

<https://www.fundacionsistema.com/revista-sistema/revista-sistema-num-246/analisis-de-la-gestion-de-la-dependencia-en-espana-segun-el-enfoque-pluralista-del-estado-del-bienestar-the-management-dependence-in-spain-under-the-pluralist-management-of-the-welfare-state/>

- Nº 247:

La innovación social: orígenes, tendencias y ambivalencias / Xavier Martínez-Celorrio

<https://www.fundacionsistema.com/revista-sistema/revista-sistema-num-247/la-innovacion-social-origenes-tendencias-y-ambivalencias-social-innovation-origins-trends-and-ambivalences/>

Institucións

- **Asociación Infad. Psicología Educativa y Evolutiva de la Infancia, Adolescencia, Mayores y Discapacidad**

<http://www.infad.eu/es/asociacion/>

A Asociación Nacional de Psicología Evolutiva e Educativa da Infancia, Adolescencia e Maiores (INFAD) é unha Asociación sen ánimo de lucro constituída por numerosos profesionais españois da Psicología, todos eles representantes do conxunto de todas as Universidades Españolas e de institucións de investigación. Conta tamén coa participación dun numeroso grupo de profesionais da Comunidade Europea, especialmente de Portugal, Italia, Francia e outros. Os seus fins principais son de carácter docente, investigador, e formativo, mediante todo aquilo que poida contribuír a unha mellor colaboración no referente ao desenvolvemento da persoa humana e da sociedade, desde o campo da Psicología.

O medio mediante o cal desempeña as súas actividades, e a súa difusión é a través da organización de encontros, foros, seminarios, cursos, Simposios, congresos e demais actividades investigadoras e/ou docentes, fomentando o desenvolvemento das investigacións pertinentes.

INFAD vén editando anualmente varias publicacións que recollen e dan a coñecer as investigacións máis actuais no campo da Psicología europea. Conta especialmente cunha revista de carácter internacional, a "International Journal of Developmental and Educational Psychology" "INFAD: Revista de Psicología".

Desde a súa constitución oficial, o ano 1992, a Asociación INFAD organizou numerosos eventos científicos Foros, Simposio e Congresos en diversas cidades españolas e europeas. Este ano celebrábase o XXIV Congreso

Internacional INFAD de Psicología. Ademais da celebración dos congresos INFAD organiza e celebra outras actividades intercongresuales

- **Ceoma. Confederación Española de Organizaciones de Mayores**

<http://ceoma.org/>

A Confederación Española de Organizacións de Maiores é unha organización de carácter confederativo e intersectorial, de ámbito nacional, constituída para o servizo, a coordinación, o fomento e a defensa dos intereses das persoas maiores. Para iso está dotada de personalidade xurídica e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins.

Entre os obxectivos do Plan xerontolóxico estatal está o de fomentar a participación social e política das persoas maiores

Desde a súa constitución, CEOMA consolidouse como entidade de referencia no mundo das persoas maiores, e ten como misión representar os seus intereses xerais e defender os seus dereitos.

É un organismo non gobernamental, cuxos principios básicos de actuación son: o respecto á autonomía das organizacións integradas, o pluralismo, e a independencia respecto da Administración e os partidos políticos

Actualmente está integrada por 30 organizacións -tanto nacionais como autonómicas- que á súa vez representan a case 1.200 asociacións. CEOMA é a Organización que conta con maior número de asociacións membro no Consello Estatal de Persoas Maiores. Ademais, as súas asociacións participan tamén no Consello Estatal de ONG's de Acción Social.

• Consejo Independiente de Protección de la Infancia (CIPI)

<http://www.cipinfancia.org/>

Órgano interdisciplinar constituído por conselleiros sen vinculación política que ten como finalidade protexer os dereitos da infancia proclamada na Convención sobre os dereitos do neno e combater a pobreza infantil.

A ONG Save the Children, no seu informe anual de 2013 expón que entre 2012 e 2014 a pobreza infantil en España pasou do 26 ao 33%. O CIPI trata de facer visibles estas cifras actuais de pobreza e realiza propostas de intervención para combater estes datos tan preocupantes.

• Federación Española de Asociaciones de Terapia Familiar

<http://www.feاتف.org/>

Forma parte da European Family Therapy Association e, á súa vez, está integrada, entre outras asociacións autonómicas, pola Asociación de Terapia Familiar e Mediación de Galicia

<http://www.feاتف.org/asociaciones/asociacion-de-terapia-familiar-e-mediacion-de-galicia/>

Entre os seus fins están: vincular e coordinar as asociacións que desenvolvan o seu traballo no campo da T.F. (terapia familiar), facilitar a cooperación e o intercambio de ideas e experiencias, promocionar o estudo e a investigación, promover a difusión mediante publicacións, organización de cursos e seminarios, preparación de material audiovisual e científico, ben sexa de maneira directa ou a través das asociacións que forman a Federación, avalar os programas de formación en terapia familiar a fin de garantir eficacia, rigor científico, continuidade e calidade da formación ofertada, colaborar, e no seu caso vincularse, con outras asociacións homólogas de rango estatal e internacional, etc.

• Fundación Apip-Acam

<http://fundacioapipacam.org/publicacions.html>

A Fundación Apip-Acam responde á vontade cívica de compromiso coa xente, de apoiar as persoas e familias en situacións de necesidade, de falta de medios económicos e/ou dependencia física ou intelectual, procurando a continuidade dos tratamentos, das metodoloxías e as avaliacións, a fin de colaborar coa capacitación, o fomento da asertividade, o empoderamento das persoas e a recuperación das súas redes sociais.

Colabora en distintos ámbitos relacionados con temas sociais: muller, maiores, infancia e xuventude, exclusión social, diversidade funcional, inmigración, etc.

A Fundación edita diversos materiais destinados á divulgación e a avaliación dos programas e proxectos que realiza a entidade. En colaboración cos fondos da Editorial Facer publica o TEST SOCIAL: avaliación continua dos proxectos da Fundación Apip-Acam, a revista "Política Sociales en Europa" conxuntamente coa Universidade de Lovaina de

Bruxelas (Bélxica) e textos da colección "Política Social y Económica" conxuntamente coa Universidade de Barcelona.

• Fundación Prevent

<http://www.fundacionprevent.com/spa/pages/area/fundacion-prevent>

Entidade sen ánimo de lucro, privada e independente que ten como obxectivo promover e contribuír á inserción social e laboral das persoas con discapacidade e fomentar a cultura preventiva da empresa mediante unha maior concienciación social que garanta contornos laborais máis seguros e saudables e empresas máis responsables.

Conta con tres áreas especializadas que traballan de forma coordinada

- Inclusión social e laboral de persoas con discapacidade
- Prevención de riscos laborais
- Fomento do deporte adaptado

• Fundación Sistema

<https://www.fundacionsistema.com/presentacion/>

A Fundación SISTEMA é unha fundación sen ánimo de lucro de carácter privado, que foi constituída en Madrid en 1981.

Os fins da Fundación SISTEMA son:

Fomentar o coñecemento e a difusión das ciencias sociais, Promover o estudo e investigación das correntes de pensamento actuais, Fomentar o estudo e investigación no ámbito das ciencias sociais, históricas e xurídicas e Promocionar as artes e as humanidades.

As principais actividades desenvolvidas pola Fundación son: a organización de congresos, foros, debates e seminarios; a realización de investigacións prospectivas sobre tendencias sociais e a publicación de libros e revistas (Temas e Sistemas)

• FUNDECOS Fundación Economía y Sociedad

<http://www.fundecos.org.ar/index.html>

FUNDECOS Fundación Economía e Sociedade realiza actividades de investigación en temas económicos, sociais e políticos.

Constituída na Cidade de Bos Aires, República Arxentina, o 2 de abril de 2002.

Os seus principais fins son:

- a) Promover a difusión e o avance do coñecemento nas ciencias económicas, sociais e políticas a través do asesoramento, diagnóstico, capacitación de persoas e a difusión do saber desas ciencias.
- b) Realizar investigacións, estudos, intercambio de experiencias e coñecementos en todos os aspectos relacionados coas ciencias económicas, sociais e políticas.

Institucións

c) Impulsar o saber e o logro de novos coñecementos nos temas mencionados nos puntos precedentes, incluíndo o desenvolvemento de plans de investigación científica e tecnolóxica, que poderán ser certificados de acordo coa normativa vixente e formular propostas e plans en pos do ben común en tales áreas.

d) Difundir os resultados das investigacións e toda outra información relacionada, a través de publicacións técnicas, conferencias, seminarios e cursos especiais.

e) Establecer convenios de asistencia técnica con gobernos, organismos nacionais, provinciais, municipais, universidades, partidos políticos e con todo tipo de entidade de carácter público, privado ou mixto, de orde profesional, cultural, social, de ben público ou empresas do país e do exterior.

todos eles por diversas variables, o que supón, centos de datos relacionados co mercado laboral e a discapacidade.

Políticas de Emprego: base de datos que clasifica e describe as medidas articuladas en España (tanto a nivel estatal como autonómico) para fomentar a integración laboral das persoas con discapacidade.

Informes: Existen dous espazos relacionados cos informes e produtos que desde o observatorio vanse xerando: informes e publicacións e Boletín de noticias

Biblioteca: Fondo bibliográfico, con máis de 100 estudos sobre discapacidade.

• SIIS. Fundación Eguía-Careaga. Centro de Documentación y Estudios

<http://www.siiis.net/es/>

O SIIS, Centro de Documentación e Estudos, xorde en 1972 no seo da Fundación Eguía Careaga, como resposta a un importante déficit na difusión de información científico-técnica existente no ámbito do social. Constitúese como unha ferramenta para a mellora das políticas de integración social, da organización dos servizos sociais e da práctica dos profesionais da acción social.

A través do seu menú de Publicacións accédese aos seus boletíns temáticos (Xeral, Discapacidade, Adición, Maiores, Inclusión, Infancia e Xuventude, Xénero e Familia, Acción social e Terceiro sector). Cunha periodicidade quincenal, infórmanos sobre novas publicadas na prensa, axenda, normativa e novidades bibliográficas das que, ás veces, se permite a súa descarga a texto completo.

Durante os meses de xullo e agosto publicáronse os boletíns seguintes: SIIS

- Boletín de acción social: nºs : 280,281, 282
- Boletín de exclusión social: nºs.: 280,281
- Boletín de género y familia: nºs : 280,281, 282
- Boletín de infancia y juventud nºs : 280,281, 282
- Boletín de personas con discapacidade: nºs : 280,281, 282
- Boletín de personas mayores: nºs : 280,281, 282
- Boletín Tercer sector: 144

• Odismet. Observatorio sobre discapacidad y mercado de trabajo en España

<http://www.odismet.es/es/quees/>

ODISMET defínese como a plataforma informativa de referencia sobre as persoas con discapacidade e a súa vinculación co emprego, permitindo unha análise exhaustiva de distintos ámbitos, conxugando diferentes prismas, puntos de observación e coñecemento. Desemprego e precarización laboral afectan de forma notable as persoas con discapacidade e dificultan o papel que o emprego ha de xogar como ferramenta esencial para a inclusión social deste colectivo.

Estas razóns moveron á Fundación ONCE e Insire Emprego, no contexto da xestión do Programa operativo de loita contra a discriminación, cofinanciado polo Fondo Social Europeo e a Fundación ONCE, a crear o Observatorio sobre Discapacidade e Mercado de Traballo en España (ODISMET).

Entre os seus obxectivos está o de acceder aos principais indicadores relacionados coa integración das persoas con discapacidade no mercado de traballo e constitúese, por unha banda, como plataforma especializada de xestión do coñecemento e por outro, como plataforma de sensibilización e concienciación orientada a diminuír as desigualdades deste colectivo.

Os produtos xerais que ofrece o portal web de ODISMET son os seguintes:

Banco de datos: Estructurado en 6 grandes apartados temáticos máis un sétimo con recompilación de información para cada comunidade autónoma. En total, están dispoñibles máis de 50 indicadores segmentados

Alertas e publicacións

POLÍTICA SOCIAL

Redes sociais: Blogs

• El blog de Daniel

<http://danalarcon.com/>

Daniel Alarcón é un traballador social que vive en Arica (Chile). Traballa coa internet e en temas de emprendemento e innovación. No seu blog comparte de forma gratuíta modelos, talleres, cursos e ferramentas que axudan a realizar un bo traballo na área social.

• Blog-Siis.net

<http://blog.siis.net/>

Entradas do mes de xullo e agosto

- Mejora insuficiente de la atención a la dependencia
- ¿Qué es la exclusión financiera?
- Tendencias en consumo de drogas
- Desigualdad en la infancia: claves para combatirla

• Los mejores blogs de Trabajo Social / por Carolina Lacruz

<http://www.lascuatropiedrasangulares.com/trabajo-social/los-mejores-blogs-de-trabajo-social/>

- Retrones y hombres: Blogue aloxado na web do xornal dixital eldiario.es. Non é un blogue escrito por traballadores sociais nin sobre cousas de Traballo Social, pero heino incluído porque me gusta especialmente. Trata sobre temas de discapacidade desde a propia experiencia persoal de Raúl Gay, redactor en Aragón TV. Conta así mesmo con outras colaboracións. Ata hai uns meses o blogue tivo ademais outro autor principal, o actual eurodeputado Pablo Echenique. Non é a primeira vez que falo deste blogue, xa o fixen aquí.
- Mi rincón de apoyo al cuidador: <http://cuyde.com/blog-mi-rincon-de-apoyo-al-cuidador/> Eva Lorenzo é unha traballadora social con experiencia profesional en Alzheimer, discapacidade e terceira idade. No blogue trata sobre todo de como coidar á persoa que se encarga do coidado doutra que requira unha atención constante, tema non precisamente baladí.
- Pasión por el Trabajo Social: Ninguén nos fará ver a aplicación das novas tecnoloxías ao Traballo Social como Nacho Santás. Traballador Social en Madrid capital, veremos aquí tamén o transfondo do Traballo Social en zonas urbanas.

- La raíz de la mandrágora: Eladio Ruano, traballador social no ámbito rural, ilustra neste blogue as súas opinións, experiencia profesional e temas LGTB, entre os seus escritos máis destacados. En particular, podo dicir que é unha persoa que a min provocou moitas emocións.
- Trabajo Social y tal: O blogue de Belén Navarro, traballadora social no medio rural. Nas súas entradas podemos ver casos que se presentan nos servizos sociais municipais (sempre respectando o anonimato dos usuarios) e cal é a intervención levada a cabo, enmarcada nun modelo teórico. Tamén ten artigos de investigación e opinión. Estilo moi didáctico
- Las tribulaciones de un chino en Servicios Sociales: Neste espazo Pedro Celiméndiz, traballador social no medio rural, explica as súas análises e conclusións acerca da actualidade no ámbito social. O seu estilo de escritura é moi peculiar. Utiliza como recurso o diálogo con Wang, un amigo chinés, personaxe inspirado nunha novela de Xullo Verne.
- Oscuridad sin luz: A traballadora social Mónica Zaragoza fálanos neste blogue sobre os trastornos do espectro autista e os de déficit de atención, todo adornado coa súa experiencia profesional neste ámbito.
- Diseñando la sociedad: Este blogue trata temática social bastante variada e conseguiu un número considerable de visitas, grazas á iniciativa de Irentzu Lauricica.
- Miss TSocial: Esta traballadora social preséntanos no seu blogue temas de cinema, psicoloxía, historia relacionada co traballo social, e máis cousas que me deixo. A destacar que foi hai un tempo á universidade onde estudou a facer unha presentación do seu blogue.
- Trabajo Social Penitenciario: Blogue de José Manuel Cazorla, traballador social nunha prisión. Moi interesantes todas as súas explicacións acerca da realidade no ámbito penal, tan descoñecida para a gran maioría de nós, e sorprendente á vez. Por certo, o seu blogue está dentro dos dez primeiros na categoría de Acción Social nos premios Bitácoras, así que xa sabedes, será todo un puntazo que os blogues de Traballo Social quedemos aquí os primeiros
- Israel Hergón: Israel déixanos aquí a súa marca persoal. El traballa como narrador oral, clown, dá talleres formativos? Sempre trata de relacionar estas manifestacións artísticas co Traballo Social.
- El Desmán Perdido: David é un traballador social de Cáritas. Os artigos do blogue son de opinión e análise da realidade social, moi interesantes as súas achegas.
- Pedir Ayudas: Páxina redactada por varias traballadoras sociais, acerca de como solicitar axudas e prestacións económicas.

Blog Alertas e publicacións de Política Social

Invitamos a vostede a visitar o blog de alertas e publicacións da Consellería de Política Social neste enlace:

<http://blogs.xunta.gal/publicacions-ps/es/>

Entradas do mes de xullo:

- Execución de medidas xudiciais previstas na Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores: Memoria 2016
- XVII Dictamen del Observatorio de la Ley 39/2006 de Promoción de la Autonomía Personal y Atención a las Personas en situación de Dependencia
- BdB. Boletín de Bienestar : Boletín Informativo de Política Social. Nº 8 (mayo-xuño, 2017)
- Memoria socioeconómica 2016. Comunidad Autónoma del País Vasco = Memoria Sozioekonomikoa 2016. Euskal Autonomia Erkidegoa. Laburpena eta gogoetak

Alertas

Blog Alertas e publicacións de Política Social

- Un ano de mobilidade xuvenil, 2016
- Normativa de Política Social. Diario Oficial de Galicia (DOG). Xuño 2017
- Normativa de Política Social. Comunidades autónomas. Xuño de 2017
- Normativa de Política Social. Boletín Oficial del Estado (BOE). Xuño 2017
- Normativa de Política Social. Diario Oficial de la Unión Europea (DOUE). Xuño 2017

Entradas do mes de agosto:

- Normativa de Política Social. Diario Oficial da Unión Europea (DOUE). Xullo 2017
- Normativa de Política Social. Boletín Oficial do Estado (BOE). Xullo 2017
- Normativa de Política Social. Diario Oficial de Galicia (DOG). Xullo 2017
- Normativa de Política Social. Comunidades autónomas. Xullo de 2017

Congresos, xornadas e cursos

• XIV Congreso de Antropología "Antropologías en transformación: sentidos, compromisos y utopías"

http://congresoantropologiavalencia.com/?utm_source=Boletines+d+e+actualidad+SIIS&utm_campaign=9c34920848-boletin_siis&utm_medium=email&utm_term=0_17e0500026-9c34920848-315103205

Lugar: Valencia. Data de realización: Do 5 ao 8 de setembro de 2017

Organiza: Associació Valencia d'Antropologia

O XIV Congreso de Antropoloxía da FAAEE propón unha discusión sobre cales son as transformacións que as antropoloxías poden ou deben experimentar para captar, rexistrar e comprender o sentido contemporáneo da alteridade; para camiñar xunto co compromiso social ao que nos obriga a urxencia do mundo actual; e para situar o lugar que debe ou pode ocupar a nosa antropoloxía no acompañamento dese proceso no contexto europeo e mundial. As antropoloxías que se moven neste mundo son plurais porque recollen a diversidade de tradicións académicas pero, quizais tamén, porque permiten expresar estes distintos camiños de transformación.

• IV Congreso internacional de ciudades amigas de la infancia

<http://ciudadesamigas.org/congreso/2017-infancia-ods/>

Lugar: Madrid. Datas: do 13 ao 14 de setembro de 2017

Organiza: Ciudades Amigas da Infancia de Unicef

Esta cuarta edición do Congreso Cidades Amigas pretende promover un intercambio de experiencias entre gobernos municipais interesados en incluír as axendas internacionais nas súas políticas locais. Está dirixido principalmente a alcaldes, concelleiros, técnicos e representantes públicos municipais, así como doutros niveis, tanto españolas como estranxeiras, interesados no deseño de políticas públicas con enfoque de Infancia e de Axenda 2030.

• Encuentro "Diez años de la Ley de dependencia: balance y retos de futuro"

http://www.ccd.uimp.es/agenda-link.html?id_actividad=63FF&anyaca=2017-18

Lugar: Santander. Data de realización: do 11 ao 14 de setembro de 2017

Organiza: Universidad Internacional Menéndez Pelayo

A Lei de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia supuxo o maior avance en protección social nos

cinco últimos lustros. Por primeira vez xéranse dereitos subxectivos de cidadanía no Sistema público de servizos sociais en España.

Unha vez cumprido o décimo aniversario e a culminación do calendario progresivo de implantación da Lei 39/2006 co recoñecemento de dereito á atención a todas as persoas dependentes sexa cal for o seu Grao, imponse a necesidade de avaliar o desenvolvemento do Sistema de atención á dependencia.

